

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Comisión**.

A Fiscalía de Delitos Económicos de Vigo, que investiga a trama de tráfico de influencias destapada na operación Patos, solicitou, ademais de a cinco persoas que xa estaban imputadas desde 2014 e aos que se lles solicita que volvan declarar, imputar a 9 cargos políticos máis, 11 funcionarios ou técnicos, 22 empresarios da construción, 3 traballadores contratados y 6 membros dun tribunal de calificación de emprego de Nigrán, entre outros.

Entra a lista de imputados atópanse o exvicepresidente da deputación e concelleiro en Vigo polo Partido Popular, José Manuel Figueroa, a delegada da Xunta en Vigo, María José Bravo, e os concelleiros vigueses Ángel Rivas, David Regades e Isaura Abelairas, así como o exalcalde de Nigrán tamén polo Partido Popular, Alberto Valverde Pérez, y o exconcelleiro de Obras de Nigrán, polo PP, José Álvarez Valverde (imputado desde febrero del 2014).

Na lista por suposta aceptación de agasallos por parte dunha constructora tamén figuran o actual alcalde de Vigo, Abel Caballero e o expresidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

1. Que opina a Xunta de Galiza desta operación?
2. Ten pensado a Xunta de Galiza tomar algunha medida concreta a respecto de María José Bravo Bosch, delegada da Xunta en Vigo; Francisco Javier Carballeda Alonso, xefe de gabinete da delegada; Juan Pedrosa Vicente, xefe do servizo de formación; Alfonso Fernández Comesaña, técnico auxiliar; Ana Gómez Carrera, xefa do servizo de Xestión Económica (Consellería de Traballo)?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 23/09/2015 13:45:48